

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN
INFANTIL NO CEIP PLURILINGÜE DE TEBRA PARA O TERCEIRO TRIMESTRE
DO CURSO 2019-2020

Seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE número 67, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e, a súa aplicación, de conformidade co previsto na lexislación, significou, entre outras moitas medidas, o confinamento da poboación e a suspensión das clases presenciais en todas as etapas do sistema educativo de España.

Procede, por parte dos centros educativos, no terceiro trimestre do curso 2019/2020, adaptar a programación e o desenvolvemento das actividades de ensinanza-aprendizaxe.

Dende o ciclo de educación infantil do CEIP Plurilingüe de Tebra durante o terceiro trimestre continuarase coa atención educativa ao alumnado, desenvolvendo actividades que lles permitan aos alumnos e alumnas manterse incorporados á aprendizaxe e suscitar o seu interese por aprender.

Na etapa de Educación Infantil, ademais de axudar a sentar as bases para o desenvolvemento persoal e social, traballamos para integrar as aprendizaxes que serán o pilar do posterior desenvolvemento das competencias consideradas básicas para todo o alumnado. Así, pretendemos que os nenos e nenas aprendan a resolver as situacións que se lle presentan na súa vida diaria, pondo en xogo as habilidades que posúen.

Para o desenvolvemento integral do alumnado trataremos de:

- Potenciar a comunicación lingüística, aproximando á lingua escrita cun enfoque construtivo e traballando especialmente as principais habilidades: escoitar, falar e conversar.
- Desenvolver destrezas matemáticas, explorando as propiedades dos obxectos cos que se ten contacto e o emprego de linguaxe matemático na descrición de situacións próximas
- Coñecemento e interacción co mundo físico, a partir da observación, a investigación e a exploración iniciando ós nenos no proceso científico.
- O tratamento da información e a competencia dixital, coñecendo os medios tecnolóxicos e os seus modos de emprego para aprender acceder e a transmitir información a través deles.
- O fomento do compromiso social e cidadá, desenvolvendo normas de convivencia, de respecto e de solidariedade que permitan establecer relacións harmónicas e equilibradas cos iguais e adultos.
- A valoración cultural e artística, observando e analizando obras de arte e o traballo cos elementos que configuran a linguaxe plástica, a escoita de audicións e cancións, e a exploración das posibilidades do son. Todo isto permitirá potenciar a creatividade e a valoración da cultura como un ben para todos.
- A capacidade de aprender a aprender, construíndo os propios coñecementos e partindo de experiencias que permiten ó neno ou nena ser protagonista da súa propia aprendizaxe. Despois poderá empreñar eses coñecementos na resolución de situacións cotiás
- A autonomía e iniciativa persoal, coñecendo o seu corpo e as súas posibilidades e limitacións, axudando ós nenos e nenas a abordar novas tarefas e iniciativas, a tomar as súas propias decisións e a progresar nas capacidades relacionadas coa conquista da súa autonomía.
- Desenvolvemento emocional, construíndo un auto concepto e autoestima que lles permita: ser competentes para manifestar e asumir o afecto das persoas, interesarse polos seus problemas e contribuír a súa felicidade.

Neste contexto, ademais da necesaria coordinación entre os profesionais, resulta imprescindible reforzar a fluidez da comunicación cos pais, nais e titores legais dos alumnos e alumnas como partícipes directos no proceso de ensino aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

- *Canles de comunicación coas familias.* A comunicación coas familias realízase mediante o servizo de mensaxería Abalar, xa sexa a nivel grupal para dar informacións xerais, como de xeito individualizado para asuntos particulares. Desde o 15 de marzo e ata o presente, publícase a diario na web do centro, actividades propostas polas mestras titoras susceptibles de ser adaptadas ás diferentes idades. O ciclo conta cunha dirección de correo electrónico, ao que teñen acceso ambas titoras, e na que se remiten os traballos que o alumnado elabora nos seus fogares. Para facer un seguimento a súa aprendizaxe e manter un bo estado emocional

-*Implicación das familias.* O total do alumnado no ciclo é de 26 nenas e nenos, dos que 15 participan nas actividades, algúns diariamente e outros semanalmente; ademais de comunicarse coas mestras titoras para expor dúbidas ou transmitir información relevante con respecto á evolución e progreso do neno/a na casa".

- *Comunicación e atención educativa docente- alumnado.* As familias son as mediadoras nesta comunicación, debido a curta idade do alumnado. Faise polas vías citadas no apartado anterior (Abalar, web e correo electrónico), onde as titoras comentan individualmente as tarefas do alumnado e intercámbianse saúdos e ánimos.

- *Organización da atención á diversidade e da orientación educativa.* Na web do colexio creouse un apartado de acceso libre a todo o alumnado, no que o departamento de Orientación do centro ofrece recursos das diferentes especialidades que o conforman, tanto recursos de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe como recursos para traballar as emocións.

-*A coordinación docente.* O equipo docente do ciclo comunícase a través do correo corporativo e por vía telefónica.

As actividades propostas teñen un carácter globalizado como non pode ser doutro xeito nesta etapa. Inclúen obxectivos das tres áreas do noso currículo tendentes a lograr os obxectivos da etapa. As actividades serán de tipo lúdico, xa que o xogo é a actividade propia da infancia e a través do cal desenvólvese o pensamento.

Preséntanse con diferentes grados de dificultade para adaptalas a cada nena e neno, utilizando sempre materiais que sexa moi probable que teñan nas casas, moitos de

refugallo, dando opcións a quen non os teña e evitando totalmente o uso de fichas impresas.

Os criterios de avaliación nesta etapa flexibilizaranse atendendo especialmente ao desenvolvemento evolutivo do alumno ou alumna e á consecución dos obxectivos da etapa. A continuidade do proceso de promoción á Educación Primaria non poderá verse prexudicada pola situación de actividade non presencial, en ningún caso neste centro.

A nosa programación didáctica para o curso 2020/2021 terá en conta as adaptacións realizadas na programación neste terceiro trimestre coa finalidade de que o alumnado poida progresar a partir das aprendizaxes anteriores.